



Museo do Pobo Galego



Instituto de estudos das identidades

161

♩ : 138

Añobres, Moraime, Muxía. Maio 1979.

1) Xen Ghin-den qui - so ca - sa. re non ti - ña mu - ller bus - ca - da
 fu - ue fa - ce - lo a - mo - re a' fi - ua dá tí - a Juá - ña

variantes estróficas:

1) 11) - 13) 16)
 2) 6)
 3) 10) r.
 4) 2) 12) 14) 3) - 6) 10) 7) - 9) 11)
 5) 3) 9) 11)

Muxía III,2,71. Delfina 48.

L: 12e.

*Transcripción orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



Xan Ghindán quisó casare
non tiña muller buscada
fuille facé-lo amore
á filla dā tía Juana.

Boas noites tía Juana
en dónde vai a rapazã
vai buscá-lo ghas prá nuite
xã me parece que tardã.

E neste entrou ã nenã
pola porta pãrã dentro
boas noites Xan Ghindã
traioche no pensamento.

Pro ti dirásmo de risa
pro eu dighocho de veras
haich'un pouquiño que vinhe
tounche quentand'ãs canelas.

E logho tés muito frío
nunca Dios che m'ã min derã
poda que queiras cãsare
aghora prá primavera.

E logho ã ti quén cho dixó
seica fui Noso Siñore
eu queríame casare
veño a facerch'o amore.

Eu tãmén che me casabã
pero pro vouncho a contare
quería facer un saio
teño ch'a lan por fiare.

Os sapatos todos rotos
o pano todo furado
se tés cartos comprã unse
cãsãremos de contado.

Teño tres crabãs moi boas
unhã ovellã preñada
unha ghãliña que ponhe
os ovos apastorrados.

Xa sabes que son soliño
non teño con quen pãrtire
ã riqueza non é muitã
per'hãbemos de vivire.

Se mo qués dimo mosiñã
non téiah fasend'a burlã.



Fixeronll'as menisiónse
como se acostumbraba
foronllah levar ó cura
que llah lese de contado.

O curä tämén llas leue
no ofretorio dä misä
ä xente que as oíron
fartan'o corpo de risas.

O pädrin' e ia mädrinã
o cura e o sacristánhe
fartan'o corpo de risas
co conto de Xan Ghindánhe.

Do tod' o que se pasabä
el inda nadä säbíä
cheghou o día da vodä
dixo que non o quería.

Eu non sein o que lle pasa
iáh rapazas desta terrä
tirans'os homes a elas
no tempo de primaverä.

Alertä nenas alertä
non caiades nä räteira
non vos fiedes nos homes
en cant' estades solteiräs.